

ASUNTO: Consulta da Área de Formación e Innovación Educativa sobre se o alumnado do Programa universitario para o emprego e a vida autónoma ten os dereitos do artigo 25.6 do Regulamento dos programas de formación permanente da Universidade de Vigo.

Por parte da Área de Formación e Innovación Educativa fórmase consulta sobre se o alumnado do Programa universitario para o emprego e a vida autónoma ten os dereitos do artigo 25.6 do Regulamento dos programas de formación permanente da Universidade de Vigo ou se non tería tales dereitos porque forma parte dun Programa de formación adaptado á diversidade funcional.

En relación con esta consulta, procede INFORMAR o seguinte:

Tal como se publica na propia información deste Programa “A superación da formación dará lugar á obtención dun título propio da Universidade de Vigo: “Formación para o emprego e a vida autónoma”.

Por tanto, entendemos que ao ser unha titulación propia lle resulta aplicable o artigo 25, relativo aos “Dereitos do estudantado dos títulos propios”, que no apartado 6 establece:

“6. As persoas matriculadas nun título propio de 30 ou máis ECTS, ou de duración igual ou superior a un curso académico completo, terán todos os dereitos do estudantado das titulacións oficiais da Universidade de Vigo ata finalizar o seu programa de estudos, coas seguintes excepcións:

a. As referentes a bolsas e a programas de mobilidade, que se rexerán polo establecido nas súas propias convocatorias.

b. A participación en procesos electorais e pertenza aos órganos de goberno, no que unicamente terán os dereitos que se recollan explicitamente nas normativas correspondentes.”

Entendemos que non obsta a elo que pola súa especificidade como Programa de formación adaptado á diversidade funcional lle sexa de aplicación o artigo 58 relativo a este tipo de Programas; artigo que regula outros aspectos que nada teñen que ver cos dereitos dos estudantes.

Este é o parecer desta Asesoría Xurídica que gustosa somete a outro máis fundado.

A Xefa de Servizo da Asesoría Xurídica
M^a José Pousa Crespo

ÁREA DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA